



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 35-2012

- A todas as Delegacións (*)
- A tódolos asembleístas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN E ALEVÍN DE PISTA AIRE LIBRE

Ferrol, 2 de xuño do 2012

Art.1) A Delegación da F.G.A en Ferrol organizará o Campionato Galego benxamín e alevín de pista aire libre que terá lugar nas Pistas da Malata de Ferrol o vindeiro sábado, **2 de Xuño** do 2012, en xornada de mañá.

Art.2) Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan durante a tempada actual (2011/12) por algún club pertencente a Comunidade Galega.

Art.3) Sistema de competición.

- **Participantes.**

Clasificaranse as 16 mellores marcas dos atletas inscritos en cada proba. Todos os atletas deberán ter acreditada unha marca oficial na proba na que se inscriben, debendo reflectila na inscrición.

- **Participacións máximas.**

Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas do programa e categoría. No caso de ser carreiras, sómentes unha poderá superar os 250m.

- **Número de intentos.**

Nos concursos non haberá paso á mellora. No lanzamento de peso e salto de lonxitude cada participante poderá realizar 4 intentos.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web www.atletismogalego.org con data límite ata as 20 horas do luns 28 de Maio; se algunha entidade non tivera acceso a plataforma online, poderá envalas ao seguinte correo electrónico: cofcluis@hotmail.com, coa mesma data límite. Non se terán en conta **as inscricións sen marca acreditada**.

Unha vez recibidas as mesmas a organización poderá modificar o horario. O horario definitivo circularase o mércores día 30 de maio.

Art.5) Todos os participantes deberán confirmar a súa participación ata 30 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.6) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada proba en cada categoría, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.7) Naquelas probas nas que non se disputen finais por categorías, consideraranse merecedoras das medallas, en cada categoría, as tres mellores marcas conseguidas nas series. Nos concursos serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que consigan as tres mellores marcas de cada unha das categorías.

Art.8) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación.

Art.9) A Organización reservase o dereito a limitar a participación en función do volumen de inscritos. Dita limitación sería comunicada aos responsables dos clubs coa debida antelación.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.10) Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na ronda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe.

Art.11) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.

Art.12): A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.13) Programa de probas.

CATEGORIA MASCULINA		CATEGORIA FEMININA	
Benx.	Alev.	Benx.	Alev.
50m	60m	50m	60m
500m	500m	500m	500m
1000m	1000m	1000m	1000m
	2000m		2000m
1km marcha	2km marcha	1km marcha	2km marcha
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Altura	Altura	Altura	Altura
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 1kg	Peso 2kg
Pelota 200gr	Pelota 300gr	Pelota 200gr	Pelota 300gr

Art.14) Horario.

HORA	PROBA					
10.30	Semif	50 m.l. BENX Homes	Pelota 200 BM	Altura BH	Peso AH 2 kg	Lonxitude AM
10.45	Semif	50 m.l. BENX Mulleres				
11.00	Semif	60 m.l. ALE Homes				
11.15	Semif	60 m.l. ALE Mulleres				
11.30	FINAL	500 m. BEN Mulleres	Pelota 300 AM	Altura AH	Peso BH 1kg	Lonxitude BM
11.40	FINAL	500 m BEN Homes				
11.50	FINAL	500 m. ALV Mulleres				
12.00	FINAL	500 m ALV Homes				
12.10	FINAL	2.000 m.l. ALV Mulleres				
12.25	FINAL	2.000 m.l. ALV Homes	Pelota 200 BH	Altura BM	Peso AM 2kg	Lonxitude AH
12.40	FINAL	1.000 m. BEN Mulleres				
12.50	FINAL	1.000 m BEN Homes				
13.00	FINAL	1.000 m. ALV Mulleres				
13.10	FINAL	1.000 m ALV Homes				
13.20	FINAL	50 m. BEN Mulleres	Pelota 300 AH	Altura AM	Peso BM 1 kg	Lonxitude BH
13.25	FINAL	50 m. BEN Homes				
13.30	FINAL	60 m. ALV Mulleres				
13.35	FINAL	60 m. ALV Homes				
13.40	FINAL	1 Km Marcha H-M BEN				
13.50	FINAL	2 km Marcha H-M ALE				

Art.15) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Na Coruña 20 de maio do 2012
Asdo. Victor Arufe Giráldez
Secretario Xeral FGA